

ORGANIZA:

Consello Galego de Relacións Laborais
Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol
Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

PERSOAS DESTINATARIAS:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais e avogados/as
- Alumnado da Facultade de Ciencias do Traballo
- Inspectores/as de Traballo e Seguridade Social
- Profesionais e persoas interesadas

INSCRICIÓNS:

Faranse por orde de solicitude, dende o 13 ata o 26 de novembro de 2023 a través do enderezo electrónico formacion.cgrrl@xunta.gal

ASISTENCIA:

Acreditarase a asistencia á xornada



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

XORNADAS 2023

A FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL NA EMPRESA

27 de novembro de 2023

Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol
Rúa San Ramón s/n – Campus Esteiro - Ferrol



A FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL NA EMPRESA

9:30 INAUGURACIÓN

Antía Sández Callejo
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

Asunción López Arranz
Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Facultade de Ciencias do Traballo da UDC

Susana Soneira Lema
Presidenta do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

09:45 O ESTADO ACTUAL DA FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL

Benito Echevarría Samanes
Catedrático Emérito de Orientación e Formación Profesional na Universitat de Barcelona

Moderador: Asunción López Arranz

Debate

10:30 FORMACIÓN. PROFESIONAL. ¿DUAL?: EXPERIENCIA, MADRE DE LAS CIENCIAS (QUIJOTE I, 21)

Pedro Rabanal Carbajo
Maxistrado-Xuiz do Xulgado do Social nº 4 de Ourense

Moderador: Roberto Barros López

Debate

11:15 PAUSA-CAFÉ

11:45 MESA DE AXENTES SOCIAIS

Interveñen representantes da CIG, SN de CCOO de Galicia, UGT-Galicia e da CEG

Moderador: Cristina Fabeiro Varela

Debate

12:30 ACTUACIÓNS INSPECTORAS SOBRE PRÁCTICAS FORMATIVAS NON LABORAIS (BOLSEIROS)

Javier Fernández Travieso
Inspector de Traballo e Seguridade Social

Moderador: Cristina Fabeiro Varela

Debate

13:15 CLAUSURA E FIN DA XORNADA



DIRECCIÓN DA XORNADA

.Antía Sández Callejo (Presidenta do CGRL)

.Asunción López Arranz (Profesora Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Facultade de Ciencias do Traballo da UDC)

.Susana Soneira Lema (Presidenta do Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense)

Como sinala a Lei 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, a capacidade das persoas para lograr ser aquilo que teñen motivos para desexar ser require dispor dun amplo conxunto de dereitos, capacidades e competencias persoais, sociais e profesionais que son imprescindibles tanto para desenvolverse plenamente como persoas como para aproveitar as oportunidades de emprego que ofrece o cambio económico e tecnolóxico, en definitiva unha formación profesional para o século XXI, que permita o nivel adecuado de cualificación da poboación activa en relación coas necesidades do mercado laboral.

Lograr unha cualificación e recualificación permanente de toda a poboación require dunha política firme, coordinada e ben orientada, que dea coherencia a un sistema integral de formación profesional.

Nos últimos anos obsérvase un crecemento constante de estudantes que optan por itinerarios profesionais, motivado en parte pola Comisión Europea, que consciente do papel determinante da formación profesional, fixo dela un dos eixos da política común. Así, a Recomendación do Consello de 24 de novembro de 2020 sobre a educación e formación profesionais para a competitividade sustentable, a equidade social e a resiliencia 2020/C 417/01, recolle as formulacións nesta materia. Ademais, o goberno español promoveu a modernización da formación profesional coa aprobación en 2018 e posta en marcha do primeiro Plan Estratéxico da Formación Profesional do sistema educativo, un plan reforzado polo compromiso e a corresponsabilidade das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, empresas e entidades vinculadas á formación profesional. En 2020, destaca a decisión do Goberno de integrar o dobre Sistema de Formación Profesional do sistema nacional das cualificacións e unificar as competencias nun só departamento ministerial. Este novo sistema verase necesariamente complementado coa capacitación laboral promovida desde fóra do Sistema de Formación Profesional por outras administracións, en particular, a administración laboral.

En definitiva, o bo fin dun Sistema de Formación Profesional eficaz esixe unha estreita alianza, cooperación e confianza entre varios actores que son os que confiren solidez e eficacia ao Sistema de Formación Profesional: administracións, centros e profesorado, empresas e familias.

Estas cuestións abordaranse nesta xornada, dun xeito rigoroso e profundo, da man de profesionais da Xudicatura, da Universidade e da Inspección de Traballo, así como polas persoas que interveñen en representación das organizacións sindicais e empresarial máis representativas en Galicia.